

## Aviso aos alumnos de 3º:

Durante esta semana, teremos dúas posibilidades á hora de traballar para a miña asignatura: realizar os exercicios habituais, ou escribir un artigo serio e ben feito para o blog A Moderna de Zalaeta, unha revista online que creei para que participedes e leades cando vos apeteza.

[www.amodernadezalaeta.blogspot.com](http://www.amodernadezalaeta.blogspot.com)

Aquí poño unha lista das películas, música, deportes, cómics ou temas que podedes traballar para escribir un artigo sobre o asunto. Algún ou algunha que sexa orixinal tamén pode propoñer un tema sobre o que escribir (ou relato ou poesía ou música propios que colgar, sempre e cando non sexan de carácter ofensivo, non me vale trap malfalado :D ) e librarse así dos deberes.

Máis ben, intercambiar uns deberes por outros!! :D

### Temas:

Categoría	Título	Dispoñible en	Tema a tratar	Alumna/o que o quere facer	Grupo
Película	El despertar de Motti Wolkenbruch	Netflix	Abandono das imposicións familiares na xuventude Restriccións relixiosas na poboación xudía		
Película	La bicicleta verde	Youtube	Situación das nenas e das mulleres en Arabia Saudita		
Disco dun cantante	Billie Eilish	Youtube/Spotify/Itunes	Biografía, sobre que tratan as cancións, opinión persoal		
Cómic super curto que se lee en 20 minutos	Los cuadernos de Esther, historias de	Prestado pola profe, recollida no centro previa desinfección :D	Como vive unha adolescente no París de 2020,		

	mis 13 años, por Riad Sattouf	ou lectura escaneada dunhas cantas viñetas proporcionada pola profe	ansiosa por ter un iphone, salir de festa, fan de traperos famosos... Crítica e comparación cos adolescentes de España		
Cómic curto sobre a vida do pintor impresionista Claude Monet	Monet, nómada de la luz (2017), Rubio-Efa	Prestado pola profe, recollida no centro previa desinfección :D Posibilidade de coller en unha biblioteca pública	Biografía de Monet, explicar que foi o impresionismo, fotos de obras de Monet que lle gusten a un, opinión personal sobre Monet e o Impresionismo		
Grupo de rock clásico	The Beatles, Pink Floyd, The Doors, The Beach Boys, Nirvana, Oasis,Queen, Black Sabbath, The Cure, etc... Pode propoñer un o/ alumna/o sempre e cando sexa un grupo xa clásico	Youtube, Spotify	Biografía, discografía, explicación da letra dalgunha canción, explicación do seu éxito, opinión persoal		
Rollers na Coruña	Entrevista a algún patinador	Amizades, coñecidos que practiquen o deporte. A profe conta cun amigo coñecido.	Averiguar un pouco máis sobre este deporte e como e onde se practica nesta cidade,		

			cantas persoas o fan...		
Arte urbano	Reportaxe sobre a obra de <b>Banksy</b> , reparando no último dos seus graffitis (un neno xogando cunha enfermeira de xoguete) en referencia a esta etapa de coronavirus	Internet, fotos de exposicións que ten a profe	Especulacións sobre a súa identidade, repercusión da súa obra, significado da súa obra...		
Pintoras afroamericanas	Amy Sherand, pintora, e outras	Internet	Dificultades á hora de encontrar un espazo na arte e na cultura ao ser negra e muller		
Ecoloxía	A central nuclear de Chernóbil hoxendía	You Tube, HBO, fragmentos de libros propostos pola profe	Problema ecolóxico do presente e do futuro		

Propostas serias e interesantes serán escoitadas.

Hai que avisarme o antes posible do que un quere facer,

pois só admito 10 persoas por semana. Escibide a

[profxgrodriquez@gmail.com](mailto:profxgrodriquez@gmail.com) **poñendo en asunto REVISTA.**

**\*En un principio, a participación será posible para os alumnos de todos os 3º, pero  
podo contemplar algunha petición de calquera dos meus alumnos dos demais cursos.**